



# Acción de Minerais contra o Cancro e XuvenCiencia nos colexios públicos de Lugo

## Instruccións para o profesorado

### Que agardamos de vós?

1. Que visualicedes co voso alumnado [este pequeno vídeo](#) no que explicamos en que consiste o proxecto **Minerais contra o Cancro**.
2. Que personalicedes un peto para a campaña que vos faremos chegar ao centro. Os petos teñen un carácter puramente simbólico: non esperamos recadación nin da comunidade educativa nin das súas familias, senón que sirvan como un instrumento máis para dar a coñecer a campaña no municipio de Lugo.
3. Que o alumnado elabore deseños ou propostas para dar a coñecer o proxecto **Minerais contra o Cancro** entre a súa contorna e familia. Neste caso, será de cada un segundo as súas capacidades e dispoñibilidade de tempo e recursos. Serven debuxos e carteis e calquera achega que se vos ocorra. Isto será completamente libre e en función do que mellor se vos acomode nesta altura do curso.
4. Que na semana do 21 de marzo nos remitades as fotografías ou arquivos destes deseños para dar a coñecer Minerais contra o Cancro que nós difundiremos nas redes sociais de XuvenCiencia e Minerais contra o Cancro.
5. A participación é completamente libre e voluntaria, pero recibiremos cos brazos abertos calquera cartel, debuxo ou traballo que deseñedes co voso alumnado.





## **Por que cremos que é importante dar a coñecer Minerais contra o Cancro entre o alumnado de Primaria de Lugo?**

1. Porque o cancro é unha doenza coa que convivimos e que os nenos e nenas tamén atopan nas súas familias, polo que resultan importante a información e a normalización.
2. Porque é un xeito de dar a coñecer a investigación punteira que se realiza no Campus de Lugo e no Hospital Universitario Lucus Augusti. Esta visibilización redunda na autoestima colectiva dos e das luguesas.
3. Porque este proxecto incide sobre un dos contidos transversais que se traballan no ensino, como é a importancia dunha alimentación equilibrada e saudable desde idades temperás.
4. Porque involucra os e as nenas en accións de divulgación científica e os converte en protagonistas á hora de facer chegar a información ás súas contornas e familias.
5. Porque explica conceptos como o micromecenado e tamén aprende a importancia da colaboración e da implicación comunitaria e cidadá para levar adiante proxectos que consideramos relevantes para a sociedade.

### **Máis recursos:**

[Descrición do proxecto na web da Universidade de Santiago](#)

[Campaña de micromecenado na plataforma Precipita.org de FECYT do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades](#)

[Formulario de colaboración para a doazón de mostras de sangue](#)

Un saúdo desde Xuvenciencia e Minerais contra o Cancro.

